

A antena local das Pontes convoca o segundo concurso de tapas entre os hostaleiros da vila

Ferrol. 10/09/2010. O vindeiro luns, 13 de setembro, remata o prazo de inscrición para o *II Concurso de Tapas da Vila das Pontes* que organiza a antena local da Cámara de Comercio en colaboración co concello desta localidade e RTV Eume.

Todos os restaurantes, mesóns e bares da vila que participen no concurso, que terá lugar do 5 ao 12 de outubro, ofrecerán gratuitamente durante eses días unha tapa con cada consumición aos seus clientes.

Estes locais poderanse identificar grazas a un cartel no que se anuncia o concurso culinario e no que se recolle a localización de todos os participantes.

As tapas valoraranse por un xurado profesional e por outro popular, formado polos clientes que despois do seu paso por estes establecementos queiran depositar o seu voto, o que lles permitirá participar no sorteo dunha cea para dúas persoas no local elixido.

A entrega de premios para a tapa máis orixinal, a máis saborosa e a máis votada polo xurado popular terá lugar o día 12 de outubro coincidindo cunha exposición de todas as propostas gastronómicas servidas durante o concurso.

Os hostaleiros que o desexen poden inscribirse na oficina da antena local (Tel. 981 452086) onde se lles facilitarán as bases para participar.

O obxectivo dos organizadores é fomentar a afluencia de clientes aos establecementos que participan nesta ruta gastronómica para dinamizar a hostalería da vila e, indirectamente, a actividade comercial e a economía local.

